

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 21 DE DECEMBRO DE 2021

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día vinte e un de decembro de dous mil vinte e un, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguinheiro Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro e dona María Dolores Pan Lesta.

Non asiste e presenta escusa don Diego Alcantarilla Rei.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; e dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria accidental dona Verónica María Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Aprobación, se procede, dos borradores das actas da sesión ordinaria do día 14 de decembro de 2021 e da sesión extraordinaria e urxente do día 16 de decembro de 2021

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 14 de decembro de 2021 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete membros hoxe presentes, que asistiron todos eles á dita sesión (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguinheiro Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro e dona María Dolores Pan Lesta) aprobou o citado borrador.

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local de data 16 de decembro de 2021 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguinheiro Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Daniel Mallo Castro e dona María Dolores Pan Lesta) aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

- Orde do 30 de novembro de 2021, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de biorresiduos de competencia municipal, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva por anticipado de gasto para o anos 2022 e 2023 (código de procedemento MT975K). (Diario Oficial de Galicia número 238, do 14 de decembro de 2021).

- Orde do 1 de decembro de 2021, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva por anticipado de gasto para o ano 2022 (código de procedemento MT975J). (Diario Oficial de Galicia número 238, do 14 de decembro de 2021).

- Orde do 2 de decembro de 2021, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas destinadas á colaboración no financiamento de actuacións en materia de arquivos e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento CT130A). (Diario Oficial de Galicia número 242, do 20 de decembro de 2021).

- Orde do 3 decembro de 2021, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas, en réxime de concorrencia competitiva, para a conservación, protección e mellora das árbores e formacións incluídas no Catálogo galego de árbores senlleiras, e se convocan axudas para o ano 2022 destinadas ás entidades locais (código de procedemento MT804B). (Diario Oficial de Galicia número 243, do 21 de decembro de 2021).

- Resolución do 17 de decembro de 2021, da Dirección da Fundación Biodiversidad, F.S.P., pola que se publica a convocatoria de subvencións, en concorrencia competitiva, para restauración de ecosistemas fluviais e redución do risco de inundación nos ámbitos urbanos españois a través de solucións baseadas na natureza, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia-Financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU 2021. (Boletín Oficial do Estado número 304, do 21 de decembro de 2021).

3º. Expedientes de contratación

3.1. Proposta de prórroga na execución da obra “Arranxo de camiños municipais. Fase II”. Expediente 2021/C003/000011

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 15 de decembro de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

«Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 19 de outubro de 2021 polo que se adjudicou a obra á empresa Canarga, S.L. asinándose o correspondente contrato o día 28 de outubro de 2021.

Visto que con data 16 de novembro de 2021 a Xunta de Goberno Local aprobou o Plan de Seguridade e Saúde, o Plan de Xestión de Residuos así como o Plan de Obra, segundo establece a cláusula 18.2 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen o presente contrato.

Tendo en conta que o prazo de execución previsto para a obra, fixado na Cláusula IV do contrato e consonte á oferta presentada pola empresa adjudicataria, é de 5 semanas, contado a partir do día seguinte ao da sinatura da acta de comprobación do replanteo, asinada esta con data 18 de novembro de 2021.

Vista a solicitude de ampliación do prazo de execución nun mes presentada pola empresa adjudicataria “Canarga S.L.”, na que expón que: “a unidade de obra ‘Firme de aglomerado quente AC 16 50/70 SURF D’ se coloca sobre zahorra artificial. - As condicións de choiva destes días e a elevada humidade no terreo impiden a correcta execución da mencionada unidade de obra”.

Tendo en conta o disposto na cláusula 32 do prego de cláusulas administrativas particulares, que establece a posibilidade de prórroga debido ao atraso na execución producido por motivos non imputables ao contratista, por un prazo que será polo menos igual ao tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor.

Visto, o informe favorable emitido pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, con data do 13 de decembro de 2021, no que considera xustificadas os motivos alegados pola empresa e propón que se conceda prórroga dun mes para a execución da obra "Arranxo de camiños municipais, Fase II", quedando así establecida como data de finalización o próximo 23 de xaneiro de 2022.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Acordar a prórroga dun mes, ata o 23 de xaneiro de 2021, na execución da obra "Arranxo de camiños municipais, Fase II" (Expediente 2021/C003/000011).

Segundo: Notificar á empresa adxudicataria e á coordinadora de seguridade e saúde, facéndolles saber que, por se tratar dun acto de trámite, non cabe recurso, todo isto de acordo cos artigos 114 e concordantes da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Terceiro: Notificar ao responsable do contrato para a súa constancia e aos efectos oportunos.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

3.2. Prórroga á anualidade 2022, do contrato para a subscrición dunha "Póliza de seguro de flota de vehículos e máquinas do Concello de Cambre". Expediente 2019/C006/000005

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 15 de decembro de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

«Visto que no expediente nº 2019/C006/000005, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do día dezoito de febreiro de dous mil vinte, adoptou, entre outros, o acordo no que se adxudica á entidade "MGS Seguros y Reaseguros S.A." a contratación dunha "Póliza de seguro de flota de vehículos e máquinas do Concello de Cambre", asinándose o correspondente contrato con data 01/03/2020.

Visto que, consonte á cláusula IV do citado contrato, o prazo de duración deste era dun ano dende a efectividade da póliza, con efectos dende as 00:00 horas do día 01/03/2020 ata as 24:00 horas do día 28/2/2021 incluídos, podendo prorrogarse por anos sucesivos e nas mesmas condicións ata dous anos máis, logo do acordo do órgano de contratación adoptado con dous meses de antelación á finalización da vixencia anterior, polo que o contrato poderá chegar a ter unha duración total de ata tres anos incluídas as prórrogas (dende as 00:00 horas do 01/03/2020 ata as 24:00 horas do 28/02/2023), e que xa se prorrogou unha primeira vez, dende as 00:00 horas do 01/03/2021 ata as 24:00 horas do 28/02/2022, segundo acordo da Xunta de Goberno Local do 29/12/2020.

Visto o escrito presentado con data 23/11/2021 e número de rexistro 202199900006392, por don Lope Santiago Yagüe González, en representación da entidade "MGS Seguros y Reaseguros S.A." entidade adxudicataria, no

que se solicita a prórroga coas mesmas condicións de coberturas e límites e co mesmo prezo da anualidade completa anterior.

Visto o informe favorable emitido con data 07 de decembro de 2021 pola xefa da unidade de Réxime Interior, no que consta que non existe ningunha obxección para que este contrato sexa prorrogado por un ano máis.

Tendo en conta o informe emitido pola secretaria accidental de data 10 decembro de 2021 e mailo informe emitido polo Interventor Municipal co número 515/2021 e data do 13 de decembro de 2021.

Ao abeiro do establecido na cláusula IV do contrato, na cláusula 9 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente, e no epígrafe 6 do Anexo I do antedito prego, e de conformidade co establecido no artigo 29 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014).

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Prorrogar por un ano, e nos seus mesmos termos, o contrato subscrito coa entidade “MGS Seguros y Reaseguros S.A”, con NIF A-0817***** e enderezo en rúa Alameda, 12 Baixo - 36001- Pontevedra para a subscrición dunha “Póliza de seguro de flota de vehículos e máquinas do Concello de Cambre” (Expediente 2019/C006/000005), polo que a efectividade da póliza terá efectos dende as 00:00 horas do 01/03/2022 ata as 24:00 horas do 28/02/2023 incluídos.

Segundo: Notificar o presente acordo ao adxudicatario, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, este acordo pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Terceiro: Notificar aos departamentos municipais de Réxime interior e á Intervención municipal, para a súa constancia e para os efectos oportunos.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

4º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por informados da relación das resolucións da Alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 10 ao día 16 de decembro do ano que andamos, que comeza coa resolución da área de Urbanismo e Obras número 2215/2021 e remata coa resolución da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos número 2272/2021, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
2215/2021	10-12-2021	Reposición legalidade urbanística pola execución de obras en Gamelas, Anceis, consistentes: construción que consta dunha soleira de formigón, un armazón ou estrutura de madeira, unha cuberta a unha auga, cunha cubrición de tella, diversas fábricas de ladrillo e bloques de formigón, unha cheminea e o revestimento parcial dalgunhas das fábricas, con pedra irregular. Titular: CDRSZ e JMVB
2216/2021	10-12-2021	Reposición legalidade urbanística pola construción de dous tramos do peche da parcela, sita en Aián, parroquia de Sigrás, sen axustarse ás comunicacións previas presentadas número 2021/U026/000214 e 2021/U026/000329. Propietaria: NCF
2217/2021	10-12-2021	Convocatoria da sesión extraordinaria da Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico do día 20 de decembro de 2021, ás 13:00 horas
2218/2021	10-12-2021	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 14 de decembro de 2021
2219/2021	10-12-2021	Convocatoria do grupo de seguimento do Plan estratéxico de subvencións (PES) para o mércores 15 de decembro de 2021, ás 17:00 horas
2220/2021	10-12-2021	Revogación do punto primeiro da resolución do concelleiro de Urbanismo e Obras do 13 de xaneiro de 2021, e concesión a UFD DE, SA, da licenza municipal para executar unha canalización de 16 metros lineais para o tendido dunha liña subterránea de baixa tensión destinada a proporcionar subministración de enerxía eléctrica á vivenda unifamiliar sita no lugar de Espiñeiro, Brexo
2221/2021	10-12-2021	Baixa como condutor asalariado adscrito á licenza de taxi número 25 AMI
2222/2021	10-12-2021	Conceder a tarxeta estacionamento para persoas con discapacidade. Solicitante: AME
2223/2021	10-12-2021	Conceder a axuda aluguer por importe total de 720 euros. Solicitante: LPF
2224/2021	10-12-2021	Conceder a axuda aluguer por importe de 350 euros. Solicitante: LDRJ
2225/2021	10-12-2021	Desistencia axuda aluguer de CGR
2226/2021	10-12-2021	Corrección de erros da declaración de ruína da edificación sita no Temple
2227/2021	10-12-2021	Corrección erro Resolución nº 2203/2021 de data 09/12/2021 2021/C002/000239
2228/2021	10-12-2021	Devolución da fianza con núm. de rexistro 1003 depositada na Tesourería municipal por ASO, por importe de 1.800,00 €, como garantía da obriga de reparación das deterioracións que se puidesen producir nos camiños públicos con motivo da execución dunha talla de 100 piñeiros en terreo sito nas Gamelas, Anceis
2229/2021	13-12-2021	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 8.178,84 euros



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

2230/2021	13-12-2021	Concesión da axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: IM
2231/2021	13-12-2021	Expediente de transferencia de crédito 15/2021 Depósito para gasoil e estrutura metálica cuberta CEIP Wenceslao
2232/2021	13-12-2021	Aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 24.965,16 euros
2233/2021	13-12-2021	Reposición legalidade urbanística por realización de actividade de hípica con construción de cuadras e zona de adestramento en finca sita en Anceis, Cambre. Propiedade: CSV
2234/2021	14-12-2021	Autorización á Asociación de Veciños San Xoan de Anceis para ocupar espazo público de 4 metros cadrados ao lado do posto da ONCE, parroquia de Cambre, o día 19 de decembro de 2021, en horario de 11:00 h. a 14:00h, co obxecto de promocionar a viaxe de fin de curso do Colexio Torrente Ballester de Sigrás
2235/2021	14-12-2021	Denegar a axuda emerxencia social por superar a unidade de convivencia o límite máximo de ingresos establecido pola ordenanza reguladora. Solicitante: JRDM
2236/2021	14-12-2021	Denegar a axuda emerxencia social alimentación por esgotar o período máximo de concesión de 18 meses establecido na ordenanza. Solicitante: TYTO
2237/2021	14-12-2021	Denegar a axuda emerxencia social alimentación por superar o límite máximo de ingresos establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: MMHS
2238/2021	14-12-2021	Aprobación das altas e baixas para participar no Programa das Escolas de Actividade Física e Saúde ano 2021-2022 no mes de decembro
2239/2021	14-12-2021	Limpeza e impermeabilización canlóns. Reparación do falso teito e bancos dos vestiarios do CF Dani Mallo
2240/2021	14-12-2021	Celebración voda civil o día 17 de decembro de 2021 ás 12 horas
2241/2021	14-12-2021	Rectificación do erro material no decreto de concesión de axuda de emerxencia social de dous recibos de aluguer por importe total de 780 euros a MT
2242/2021	14-12-2021	Reposición legalidade urbanística pola realización de actos consistentes construción dun portal de dúas follas, un peche e cinco construcións (tres alpendres e dúas casetas) na parcela, sita en Folgueira, Santa Maria de Vigo. Propiedade: DBG
2243/2021	14-12-2021	Concesión de renovación tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade. Solicitante: BPG
2244/2021	14-12-2021	Subministración dunha carpa personalizada para eventos culturais
2245/2021	14-12-2021	Avocación de competencias do quinto tenente de alcalde, don Daniel Mallo Castro, do 27 de decembro de 2021 ao 1 xaneiro de 2022, ambos incluídos
2246/2021	15-12-2021	Subministración dun atril personalizado
2247/2021	15-12-2021	Aboamento paga extraordinaria decembro 2021
2248/2021	15-12-2021	Autorización de venda ambulante ocasional de churros
2249/2021	15-12-2021	Concesión da renovación tarxeta estacionamento para persoas con discapacidade. Solicitante: CMLV
2250/2021	15-12-2021	Aboamento liquidación a dona M.L.R.A.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

2251/2021	15-12-2021	Desistencia axuda alimentación básica e hixiene persoal de C.N.F.
2252/2021	15-12-2021	Convocatoria da sesión extraordinaria da Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico, ás 12:45 horas
2253/2021	15-12-2021	Aprobación da liquidación do IRPF de persoal do mes de novembro e o seu pagamento
2254/2021	15-12-2021	Concesión á AA.VV. Santa María de Vigo da subvención municipal a entidades sen fin de lucro 2020 vencellada á aplicación orzamentaria 334 48900
2255/2021	15-12-2021	Nomeamento animador cultural
2256/2021	16-12-2021	Convocatoria da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do día 16 de decembro de 2021
2257/2021	16-12-2021	Orde de execución polo derrubamento parcial do muro de cachotería en Penouviña (Cambre). Titular: Promociones AAP S.L.
2258/2021	16-12-2021	Reposición legalidade urbanística pola execución de diversas obras na vivenda sita en estrada Espirito Santo. Cecebre, e un peche na fronte da parcela con bloques de formigón. Titular: JMVL
2259/2021	16-12-2021	Reposición legalidade urbanística pola construción de 5 edificacións e unha grella e unha grella, sen título habilitantes , na finca sita en San Paio, Brexo. Propietario: MEGdeM
2260/2021	16-12-2021	Alta SAF MND.
2261/2021	16-12-2021	Expedientes sancionadores de tráfico
2262/2021	16-12-2021	Autorización transmisión o dereito de uso privativo da urna perimetral sinalada ao número 63, letra D, no cemiterio municipal de Cambre, a nome de J.M.P.
2263/2021	16-12-2021	Expedientes sancionadores de tráfico
2264/2021	16-12-2021	Expedientes sancionadores de tráfico
2265/2021	16-12-2021	Expedientes sancionadores de tráfico
2266/2021	16-12-2021	Reposición legalidade urbanística pola execución de obras consistentes na demolición dun volume existente e a construción dun novo, no lugar de Telva, Sigrás. Propiedade: MBR e RAMR
2267/2021	16-12-2021	Expedientes sancionadores de tráfico
2268/2021	16-12-2021	Avocación de competencias da sexta tenente de alcalde, dona María Dolores Pan Lesta, do día 3 ao día 10 de xaneiro de 2022, ambos incluídos
2269/2021	16-12-2021	Aprobación bases e ficha pastorciños Cabalgata de Reis 2022
2270/2021	16-12-2021	Senda peonil para accesibilidade entre o local social e instalacións deportivas municipais, Anceis
2271/2021	16-12-2021	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 15.312,52 €
2272/2021	16-12-2021	Excedencia por coidado de familiares CCL

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das propostas en relación cos seguintes asuntos:

- Proposta de devolución de garantía definitiva á entidade “Montajes Eléctricos Vizcaíno, SL”, no LOTE 2 – A BARCALA da obra "Mellora da eficiencia enerxética na iluminación pública de determinadas zonas: A Barcala, Cambre, Polígono de Espírito Santo e O Temple, mediante implementación de solucións LED", dentro da Convocatoria de expresións de interese para a selección e execución de proxectos relativos a actuacións para aforro e eficiencia enerxética na iluminación pública exterior, no marco do Programa Operativo FEDER de Crecemento Sostible 2014-2020". Expediente 2021/C003/000009
- Prórroga á anualidade 2022, do contrato para a subscripción dunha “Póliza de seguro de danos para bens mobles e inmobles do Concello de Cambre. Expediente 2020/C006/000008
- Prórroga á anualidade 2022, do contrato para a subscripción dunha “Póliza de seguro colectivo de accidentes para o persoal do Concello de Cambre e membros da Corporación Municipal”. Expediente 2020/C006/000007
- Proposta de devolución de garantía definitiva á empresa Ogmios Proyecto, S.L., adxudicataria da obra incluída no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos), POS+ 2017 “Casa da Cultura de Cambre. Proxecto básico e de execución. Modificado febreiro 2017. Fase 1”. Expediente 2017/C003/000005
- Aprobación do expediente de contratación núm. 2021/C003/000013, por procedemento aberto simplificado abreviado, con pluralidade de criterios de adxudicación (de apreciación automática), da obra de “Mellora da accesibilidade en Lendoiro, A Barcala, Cambre”

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión.

A) Proposta de devolución de garantía definitiva á entidade “Montajes Eléctricos Vizcaíno, SL”, no LOTE 2 – A BARCALA da obra "Mellora da eficiencia enerxética na iluminación pública de determinadas zonas: A Barcala, Cambre, Polígono de Espírito Santo e O Temple, mediante implementación de solucións LED", dentro da Convocatoria de expresións de interese para a selección e execución de proxectos relativos a actuacións para aforro e eficiencia enerxética na iluminación pública exterior, no marco do Programa Operativo FEDER de Crecemento Sostible 2014-2020". Expediente 2021/C003/000009

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 20 de decembro de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

«Visto que a Xunta de Goberno Local, con data do 1 decembro de 2021 acordou adxudicar os 4 lotes que integran o expediente incoado na plataforma TEDeC, ao número 2021/C003/000009 para a contratación da obra de “Mellora da eficiencia enerxética na iluminación pública en determinadas zonas: A Barcala, Cambre, Polígono do Espírito Santo e O Temple, mediante implementación de solucións Led, dentro da convocatoria de expresións de interese para a selección e execución de proxectos relativos a actuacións para aforro e eficiencia enerxética en iluminación pública exterior, no marco do programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020”, ás empresas que obtiveron a maior puntuación en aplicación dos criterios de adxudicación que constan na cláusula 15.3 do prego de cláusulas administrativas particulares, por non estar incursas en presunción de ser anormalmente baixas, e ter presentado no prazo de 10 días hábiles a documentación requirida na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares, e de conformidade co establecido na cláusula administrativa 16.3 e artigo 150.3 da Lei 9/2017 de contratos do sector público, co seguinte resultado:

Lote 1 – Cambre: UTE Instelec-Canarga.

Lote 2 - A Barcala: Montajes Eléctricos Vizcaíno S.L.



Lote 3 - O Temple: Montajes Eléctricos Vizcaíno S.L.
Lote 4 - Polígono Espírito Santo: Sansiga S.L.

Visto que a Xunta de Goberno Local, con data do 2 decembro de 2021, de conformidade co acordo adoptado pola mesa de contratación con data de 2 de decembro, tal e como se deriva do informe técnico de rectificación da adxudicación do LOTE 2 - A BARCALA emitido conxuntamente, con data de 1 de decembro de 2021, polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos municipal-Xefe da Sección de Servizos, don Óscar Souto Muíño, e polo enxeñeiro industrial contratado para a supervisión e valoración das ofertas dos licitadores, don Guillermo Penedo Cobelo, acordou rectificar o acordo de adxudicación respecto do LOTE 2 - A BARCALA do citado expediente, resultando como adxudicataria a empresa "UTE INSTELEC – CANARGA, UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESAS, LEY 18/1982".

Visto que no expediente consta xustificante de depósito de garantía definitiva na Tesourería municipal para o LOTE 2 - A BARCALA da citada obra expedido a nome da entidade que resultaba inicialmente adxudicataria, segundo o acordo da Xunta de Goberno Local de 1 de decembro de 2021, "Montajes Eléctricos Vizcaíno, SL", por importe de 14.346,65 euros con data 30/11/2021 e número de rexistro 1040.

Tendo en conta o informe emitido pola secretaria accidental de data 13/12/2021 e mailo informe emitido polo Interventor Municipal co número 526/2021 e data do 18/12/2021.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019, do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Devolver a garantía definitiva por importe de 14.346,65 euros á empresa "Montajes Eléctricos Vizcaíno, SL", con NIF B15132046 e enderezo en Rúa Santiago de Compostela 33, Meicende 15008 A Coruña, para o LOTE 2 - A BARCALA do expediente número 2021/C003/000009, para a obra de "Mellora da eficiencia enerxética na iluminación pública en determinadas zonas: A Barcala, Cambre, Polígono do Espírito Santo e O Temple, mediante implementación de solucións Led, dentro da convocatoria de expresións de interese para a selección e execución de proxectos relativos a actuacións para aforro e eficiencia enerxética en iluminación pública exterior, no marco do programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020".

Segundo: Notifíquese ao interesado, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.



Terceiro: Notificar o presente acordo aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipal, para os efectos oportunos.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

B) Prórroga á anualidade 2022, do contrato para a subscrición dunha “Póliza de seguro de danos para bens mobles e inmobles do Concello de Cambre. Expediente 2020/C006/000008

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 20 de decembro de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

«Visto que no expediente nº 2020/C006/000008, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do día nove de febreiro de dous mil vinte e un, adoptou, entre outros, o acordo no que se adxudica á entidade “Bilbao Compañía Anónima de Seguros y Reaseguros” a contratación dunha “Póliza de seguro de danos para bens mobles e inmobles do Concello de Cambre” no importe da prima anual ofertado de 34.000,00 euros (exento de IVE), asinándose o correspondente contrato con data 28/02/2021.

Visto que na Cláusula IV do contrato en vigor, e de conformidade coa cláusula 6 del prego de cláusulas administrativas particulares e epígrafe 6 do cadro de características do contrato, o prazo de duración do contrato será dun ano dende a efectividade da póliza, que terá efectos dende as 00:00 horas do día 01/03/2021 ata as 24:00 horas do día 28/02/2022 incluídos, podendo prorrogarse por anos sucesivos e nas mesmas condicións ata dous anos máis, logo do acordo do órgano de contratación adoptado con dous meses de antelación á finalización da vixencia anterior, polo que o contrato poderá chegar a ter unha duración total de ata tres anos incluídas as prórrogas (dende as 00:00 horas do 01/03/2021 ata as 24:00 horas do 28/02/2024).

Visto o escrito presentado con data 19/11/2021 e número de rexistro 202199900006324 por dona Aitziber Sinde Elgarresta, en representación da entidade adxudicataria “Bilbao Compañía Anónima de Seguros y Reaseguros”, no que amosan a súa vontade para continuar un ano máis coa execución do contrato coas mesmas condicións de adxudicación, cunha prima total anual de 34.000 euros para os capitais e garantías actualmente contratados.

Vista a cláusula 17.1 do prego de cláusulas administrativas que, de conformidade co establecido no art. 62 da Lei de contratos do sector público, establece como responsable do contrato á técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría-Patrimonio do Concello de Cambre, neste momento secretaria accidental deste.

Visto o informe favorable emitido con data 16 de decembro de 2021 pola secretaria accidental, no que consta que non existe ningunha obxección para que este contrato sexa prorrogado por un ano máis, tal e como se establece no correspondente prego de cláusulas administrativas.

Tendo en conta o informe emitido polo Interventor Municipal co número 524/2021 e data do 18 de decembro de 2021.

Ao abeiro do establecido na cláusula IV do contrato, na cláusula 6 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente, e no epígrafe 6 do Anexo I do antedito prego, e de conformidade co establecido no artigo 29 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público (pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014).

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Prorrogar por un ano, e nos seus mesmos termos, o contrato suscrito coa entidade "Bilbao Compañía Anónima de Seguros y Reaseguros", con NIF A48001648 e domicilio social en Paseo do Porto nº 20 48992 Getxo (Vizcaya) para a subscrición dunha "Póliza de seguro de danos para bens mobles e inmobles do Concello de Cambre" (Expediente 2020/C006/000008), polo que a efectividade da póliza terá efectos dende as 00:00 horas do día 01/03/2022 ata as 24:00 horas do día 28/02/2023 incluídos.

Segundo: Notificar o presente acordo ao adxudicatario, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, este acordo pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Terceiro: Notificar aos departamentos municipais de Patrimonio e á Intervención municipal, para a súa constancia e para os efectos oportunos.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

C) Prórroga á anualidade 2022, do contrato para a subscrición dunha "Póliza de seguro colectivo de accidentes para o persoal do Concello de Cambre e membros da Corporación Municipal". Expediente 2020/C006/000007

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 20 de decembro de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

«Visto que no expediente nº 2020/C006/000007, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do día nove de febreiro de dous mil vinte e un, adoptou, entre outros, o acordo no que se adxudica á entidade "VidaCaixa SAU de Seguros y Reaseguros" a contratación dunha "Póliza de seguro colectivo de accidentes para o persoal do Concello de Cambre e membros da Corporación Municipal do Concello de Cambre" no importe da prima anual ofertado de 13.591,72 euros (exento de IVE), asinándose o correspondente contrato con data 25/02/2021.

Vista a cláusula 9 do prego de cláusulas administrativas na que se establece a duración do contrato será dun ano dende a efectividade da póliza, con efectos dende as 00:00 horas do día 01/02/2021 ata as 24:00 horas do día 31/01/2022 incluídos (excepto no primeiro ano que sería do 01/03/2021 ata o 31/01/2022), podendo

prorrogarse por anos sucesivos e nas mesmas condicións ata dous anos máis, logo do acordo do órgano de contratación adoptado con dous meses de antelación á finalización da vixencia anterior, polo que o contrato poderá chegar a ter unha duración total de ata tres anos incluídas as prórrogas (dende as 00:00 horas do 01/02/2021 ata as 24:00 horas do 31/01/2024).

Visto o escrito presentado con data 13/12/2021 e número de rexistro 202199900006726, por dona María Asunción Sentías Vilardell, en representación da entidade "VidaCaixa SAU de Seguros y Reaseguros", entidade adxudicataria, no que amosa a súa conformidade para prorrogar a póliza subscrita: "mantendo as condicións da mesma previstas no prego de cláusulas administrativas particulares, prego de prescricións técnicas e os seus correspondentes anexos, polo importe que resulte da actualización do colectivo".

Visto o informe favorable emitido con data 17 de decembro de 2021 pola xefa da Unidade de Réxime interior, no que consta que non existe ningunha obxección para que este contrato sexa prorrogado por un ano máis, tal e como establece o prego de cláusulas administrativas particulares.

Tendo en conta o informe emitido pola secretaria accidental de data 17 decembro de 2021 e mailo informe emitido polo Interventor Municipal co número 525/2021 e data do 18 de decembro de 2021.

Ao abeiro do establecido na cláusula IV do contrato, na cláusula 9 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente, e no epígrafe 6 do Anexo I do antedito prego, e de conformidade co establecido no artigo 29 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014).

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Prorrogar por un ano, e nos seus mesmos termos, o contrato subscrito coa entidade "VidaCaixa SAU de Seguros y Reaseguros", con NIF A58333261 e dirección en Paseo de la Castellana, nº 51, 1ª planta, 28004 Madrid, para a subscrición dunha "Póliza de seguro colectivo de accidentes para o persoal do Concello de Cambre e membros da Corporación Municipal do Concello de Cambre" (Expediente 2020/C006/000007), polo que a efectividade da póliza terá efectos dende as 00:00 horas do día 01/02/2022 ata as 24:00 horas do día 31/01/2023 incluídos.

Segundo: Notificar o presente acordo ao adxudicatario, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, este acordo pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición

contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Terceiro: Notificar aos departamentos municipais de Réxime interior e Intervención municipal, para a súa constancia e para os efectos oportunos.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

D) Proposta de devolución de garantía definitiva á empresa Ogmios Proyecto, S.L., adxudicataria da obra incluída no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos), POS+ 2017 “Casa da Cultura de Cambre. Proxecto básico e de execución. Modificado febreiro 2017. Fase 1”. Expediente 2017/C003/000005

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 20 de decembro de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

«Visto que con data 12 de abril de 2018, asinouse o contrato entre o Concello de Cambre e a entidade Ogmios Proyecto, S.L. para a obra incluída no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos), POS + 2017 “Casa da Cultura de Cambre. Proxecto básico e de execución. Modificado febreiro 2017. Fase 1”. Expediente: 2017/C003/000005

Visto que no antedito expediente depositouse unha garantía definitiva prestada mediante aval bancario, depositado na Tesourería municipal con data 14/03/2018 por importe de 55.800,00 euros e con núm. de rexistro 800 para garantir a execución do contrato.

Visto que venceu o prazo de garantía aplicable desde a recepción da obra, e cumprido satisfactoriamente o contrato sen que, por outra banda, o Concello fixese ningunha obxección ou reparo, isto segundo informe favorable emitido polo arquitecto municipal, con data do 31 de marzo de 2021.

Visto o informe de fiscalización número NUM 532/2021 REPARO 173-R emitido pola Intervención Municipal con data do 19 de decembro de 2021.

A teor do establecido nos arts. 102.2, 222.3 e 235 do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSPP) e da Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017 LCSP.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

Primeiro: Devolver a *garantía definitiva* depositada pola entidade *Ogmios Proyecto, S.L* con CIF B1588... e con enderezo na rúa Alcalde Electo Carballo, 38, 15189 Culleredo, A Coruña, no expediente número 2017/C003/000005 para a obra incluída no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos), POS + 2017 “Casa da Cultura de Cambre. Proxecto básico e de execución. Modificado febreiro 2017. Fase 1”.

Segundo: Notifíquese ao interesado, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos

poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Terceiro: Notificar o presente acordo aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipais, para os efectos oportunos.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E) Aprobación do expediente de contratación núm. 2021/C003/000013, por procedemento aberto simplificado abreviado, con pluralidade de criterios de adxudicación (de apreciación automática), da obra de "Mellora da accesibilidade en Lendoiro, A Barcala, Cambre"

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 20 de decembro de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

«A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do día dous de novembro de dous mil vinte e un, aprobou o proxecto denominado: "REDACCIÓN DEL "PROYECTO BÁSICO Y DE EJECUCIÓN, DE MEJORA DE ACCESIBILIDAD EN LENDOIRO. A BARCALA. CAMBRE" LOTE 1", cun orzamento total de licitación: 60.000,00 €, redactado por "L2 Ingeniería Consulting Galicia SCP2".

Segundo se deriva do mesmo, preténdese a definición dun itinerario peonil seguro para os usuarios da zona de acordo á Lei 10/2014, do 3 de decembro, de Accesibilidade na Comunidade Autónoma de Galicia, así como á Orde VIV/561/2010 de 1 de febreiro de 2010, pola que se desenvolve o documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados.

Previamente, con data de 28 de outubro de 2021, o arquitecto municipal emite informe favorable respecto da viabilidade urbanística da actuación, e, con data de 29 de outubro de 2021, emite informe dando a conformidade técnica ao antedito proxecto.

Consta acta de replanteo do proxecto, asinada polos redactores do mesmo e máis polo arquitecto municipal, con data do 17 de novembro de 2021.

Con data de 17 de decembro de 2021, emítense memoria xustificativa polo arquitecto municipal, para a contratación das obras incluídas no proxecto, no que se xustifica a necesidade da obra, a non división en lotes do contrato e maila elección do procedemento de contratación proposto, e se propoñen os criterios para a valoración das ofertas. Establécese a non división en lotes do obxecto do contrato, iso a teor do establecido nos artigos 99.3 e 116.4 g) da LCSP, con base na natureza e dimensión da obra a executar, pois a realización

independente das distintas unidades dificultaría a correcta execución da obra e a obtención do obxecto do contrato, por estar todas vinculadas de forma que a súa coordinación complicaría e alongaría a execución dos traballos de forma innecesaria, ocasionando sobrecostos pola pouca entidade das unidades que constituirían cada un dos lotes posibles.

Coa mesma data de 17 de decembro, o arquitecto municipal emite informe técnico respecto, entre outros aspectos, da nomenclatura do contrato, prezo base de licitación, valor estimado, criterios de adjudicación avaliados mediante fórmulas e adscrición de medios materiais e persoais.

Establece como criterios avaliados mediante fórmulas matemáticas: 100 puntos

- Oferta económica: 50 puntos.
- Estabilidade no emprego. Porcentaxe de persoal fixo en relación co persoal global da empresa: 35 puntos.
- Incremento do prazo de garantía : 15 puntos.

Así mesmo, consta o orzamento base de licitación do contrato:

- Base imponible: 49.586,78 €
- Importe IVE (21%): 10.413,22 €
- Total: **60.000 €**

Polo que se refire ao valor estimado do contrato, e dado que nin no proxecto técnico, nin no informe técnico de necesidade consta proposta de modificación nos termos establecidos no artigo 204 da LCSP, o valor estimado do presente contrato é de:

- Base imponible: 49.586,78 €
- 20 % (Modificacións previstas de proxecto): Non procede
- Total VALOR ESTIMADO: **49.586,78 €**

Consta o documento de Retención de crédito emitido o 2/11/2021 pola Intervención Municipal, con cargo á aplicación 1532.60900, por importe de 60.000,00 euros.

Consta a providencia de inicio do expediente de contratación, propoñendo o procedemento aberto simplificado establecido no apartado 6 do artigo 159 da LCSP.

Consta informe proposta emitido pola secretaría e intervención municipais con data de 19 de decembro de 2021.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

Primeiro: Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato correspondente á obra de *“Mellora da accesibilidade en Lendoiro, A Barcala, Cambre”* para a execución dunha obra coa que se pretende basicamente a definición dun itinerario peonil seguro para os usuarios da zona de acordo á Lei 10/2014, do 3 de decembro, de Accesibilidade na Comunidade Autónoma de Galicia, así como á Orde VIV/561/2010 de 1 de febreiro de

2010, pola que se desenvolve o documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados.

Co contrato proxectado, o Concello está a cumprir coas competencias que ten atribuídas de conformidade co establecido no artigo 25.2, apartado d), da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, (“o municipio exercerá, en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: “d) infraestrutura viaria...”), tratándose ademais dun servizo mínimo obrigatorio en tódolos municipios segundo establece o artigo 26.1.a) da mesma Lei 7/1985, quedando acreditada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir, idoneidade do obxecto e contido para satisfacelas, segundo se deriva da documentación e proxecto obrante no expediente, todo isto de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).

Segundo: Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2021/C003/000013, polo procedemento aberto simplificado establecido no apartado 6 do artigo 159 da LCSP, con pluralidade de criterios de adxudicación de apreciación automática, e, polo tanto, o prego de cláusulas administrativas particulares que se integra nel, correspondente a:

- Obxecto do contrato: Mellora da accesibilidade en Lendoiro, A Barcala, Cambre

- Orzamento base de licitación:

- o Base impositiva: 49.586,78 €
- o Importe IVE (21%): 10.413,22 €
- o Total: **60.000 €**

- Valor estimado:

- o Base impositiva: 49.586,78 €
- o 20 % (Modificacións previstas de proxecto): Non procede
- o Total VALOR ESTIMADO: 49.586,78 €

- Prazo de execución: 6 semanas

isto a teor do establecido nos artigos 131 ,159 e concordantes da LCSP.

Terceiro: Aprobar o gasto por conta da aplicación orzamentaria 1532.60900.

Cuarto: De conformidade co establecido no art. 103 da LCSP, e cláusula 4 do prego de cláusulas administrativas particulares, non procederá en ningún caso a revisión periódica e predeterminada de prezos do presente contrato e polo tanto non se aplicará fórmula ningunha de revisión.

Quinto: A unidade técnica prevista na cláusula 15.1 do PCAP estará integrada pola técnica de xestión de administración xeral adscrita á Secretaría Municipal, dona Verónica María Otero López, e polo arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito.

Sexto: Publicar o correspondente anuncio de licitación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos



artigos 63 e 135 da LCSP, con publicación dos documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da citada Lei.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e quince minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria accidental

Verónica María Otero López